



RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 28 DE XUÑO DE 2024.

Información e actas

1. Ratificación da urxencia.
2. Declaración institucional polo día do Orgullo LGBTI+ 2024
3. Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2024, de 31 de maio.
4. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de maio ata o 21 de xuño de 2024.
5. Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do sétimo mes de 2024.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os Cursos na sede de Galicia no ano 2024.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

7. Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de calificación de parte da parcela de titularidade da Deputación Provincial da Coruña que se está a acondicionar para aparcadoiro en Balarés (desafectación parcial para su calificación como ben patrimonial), para a súa posterior cesión ao Concello de Ponteceso para a realización do proxecto: "MELLORA DO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL HISTÓRICO DE BALARÉS, PONTECESO"
8. Aprobación da segunda prórroga do contrato de servizos de soporte e mantemento da aplicación ACCEDE - PMH (padrón municipal de habitantes) dos concellos da provincia. PCO.001.2020.00009
9. Aprobación do plan de implantación do aplicativo GPA para a xestión do Inventario
10. Aprobación da rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2023

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da senda municipal dende Santa Rosa á praia de Soesto", do Concello de Laxe, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0020.0, levantamento das condicións as que quedou sometido e aprobación definitiva do investimento



12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación do acceso a Gosende e outros", do Concello de Brión, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 por maior achega provincial, co código 2023.2102.0508.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2100.0070.0

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento e bombeo en Montefaro", do Concello de Valdoviño, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0296.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

15. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a maio de 2024.

16. Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2023.

17. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Tordoia (instrución de expedientes sancionadores por infraccións de tráfico e a súa recadación voluntaria e executiva).

18. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Zas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

19. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios.

20. Dación de conta da resolución de presidencia número 23696/2024 relativa a persoal eventual.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

21. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Acondicionamento da edificación existente para albergar o Centro de Interpretación de arte rupestre de Villestro (CIRVI) en Santiago de Compostela"

22. Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Moeche para financiar I Feira Estatal de queixo artesán e VI Feira do Queixo de Moeche



Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

23. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Promoción do sector audiovisual galego e consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia no ámbito nacional e internacional".

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

24. Aprobación técnica do proxecto da obra Sendas Peonís nas estradas DP 5602 Negreira a Pontenafonso e DP 1302 Negreira a Urdilde (NEGREIRA), incluída no Plan de Sendas Peonís 2024

25. Aprobación técnica do proxecto da obra Senda peonil na estrada DP 1004 Lanzá a Boimorto, dende o punto quilométrico 9+690 ao 10+560 (BOIMORTO), incluída no Plan de Sendas Peonís 2024

26. Desestimación do recurso de reposición formulado por C.B.J contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial da Coruña de 24 de febreiro de 2023 polo que se aprobou o proxecto de obra na DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase

27. Desestimación do recurso de reposición formulado por J.L.A. contra o acordo do Pleno da Deputación da Coruña de 24 de febreiro de 2023 polo que se aprobou o proxecto de obra na DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa ao Canon da Auga.

1.- Ratificación da urxencia.

Ratifícase a urxencia.

2. Declaración institucional polo día do Orgullo LGBTI+ 2024.

Este 28 de xuño conmemoramos o Día do Orgullo LGBTI+ e recordamos a revolta de Stonewall de 1969 en Nova York, na que anos de loita e reivindicación a prol dos dereitos das persoas LGBTI+ se traduciron en resistencia á discriminación policial, o que marcou o que se considera o inicio do movemento na defensa dos dereitos das persoas LGBTI+. Un ano despois, a primeira marcha do Orgullo percorría as rúas que foran testemuña dese acto de liberación. Era o 28 de xuño de 1970.

Noutros países do mundo, o movemento na defensa dos dereitos das persoas LGBTI+ xurdira e consolidárase xa antes dos disturbios de Stonewall, mais esa conmemoración é o nexos de unión para unhas mobilizacións que se realizan en distintas latitudes. Desde entón, a loita polos dereitos das persoas LGBTI+ sumou apoios e logros desde o punto de vista social e lexislativo que fan que o percorrido desde aquel 28 de xuño de 1970 estea cheo de conquistas e avances para as persoas LGBTI+ e, por extensión, para o conxunto da sociedade. Con todo, o camiño que nos trae ata aquí non estivo, nin está, libre de obstáculos. Sabemos que segue habendo unha parte da sociedade que nos nega o dereito a vivir libres e iguais e que anhela os tempos en que non se nos permitía ser quen somos, en que se nos negaban os dereitos e as liberdades que hoxe temos, que imos construíndo colectivamente.

Nesa construción ten especial valor ollar a Galiza, e recoñecer os fitos e as pegadas dunha disidencia sexual que se teceu xunto cos nosos trazados urbanos e rurais da Coruña onde moitos colectivos levan décadas sendo concellos de acollida, ademais do forno en que se xestaron moitas das reivindicacións transformadoras que antecederon os dereitos dos que gozamos hoxe.

Nese sentido, precisamos coñecer o que aconteceu, e rescatar aquelas historias de discriminación, de resistencia, de solidariedade e de loita colectiva, para comprender que somos unha sociedade diversa, concellos diversos. Porque a memoria das que viñeron por tras e das súas pegadas é unha ferramenta necesaria para avanzar na igualdade e nos valores cívicos.

Vemos con preocupación como nos últimos anos se produciu un incremento nas agresións LGBTIfóbicas, verbais e físicas, que son a máxima representación da discriminación que sofren as persoas LGBTI+ e que mostran que fica moitísimo traballo facer para garantir o dereito a vivir de forma libre e igual independentemente da identidade de xénero ou orientación sexual. Por iso é necesario que desde o ámbito das administracións públicas se destinen recursos materiais, económicos e persoais, que garantan que traballamos de forma transversal nos ámbitos da prevención de todo tipo de discriminacións, de atención e asesoramento ás persoas que o necesiten e de intervención social, xurídica e policial coordinada para erradicar todo tipo de violencias.

Aínda que queda moito traballo por facer, neste 28 de xuño reivindicámonos como unha provincia orgullosa, diversa e segura para que todas as persoas poidamos ser libres en todos os ámbitos das nosas vidas, onde todas as persoas que viven, traballan, estudan ou nos visitan, sintan tamén que todos e cada un dos concellos da Coruña son lugares onde poder ser quen queremos ser sen ningún tipo de limitación.

Por todo o exposto, a Corporación da Deputación provincial manifesta o seu compromiso

coa defensa e reivindicación dos dereitos das persoas LGBTI+ e coa erradicación de todas as formas de discriminación e, por iso, acorda:

1. Apoiar as mobilizacións convocadas polo movemento LGBTI+ o 28 de xuño, Día do Orgullo LGBTI+.
2. Avanzar na formación interna e nos protocolos e formularios para garantir un acceso igualitario e libre de discriminacións aos servizos públicos da institución provincial para todas as persoas.
3. Garantir unha perspectiva transversal a todas as áreas de goberno dos dereitos das persoas LGBTI+.
4. Actualizar o protocolo fronte ao acoso da Deputación da Coruña, engadindo segundo a lexislación vixente, o acoso por razón de orientación sexual, identidade sexual, identidade e expresión de xénero.
5. Recuperar e poñer en valor a memoria LGBTI+ na provincia da Coruña na liña do que vimos facendo co Congreso Memoria Diversa.



Deputación
DA CORUÑA

3.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2024, de 31 de maio.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 6/2024, de 31 de maio.



Deputación
DA CORUÑA

4.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de maio ata o 21 de xuño de 2024.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de maio ata o 21 de xuño de 2024.

5.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do sétimo mes de 2024.

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que no mes de xullo a data de celebración do Pleno ordinario é o día 26 de xullo e que a tramitación dalgúns expedientes aconsellan adiantar no mes de xullo a data de celebración do Pleno ordinario ao 24 de xullo,

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao sétimo mes de 2024 celebrarase o día 24 de xullo, mércores, a partir das doce horas".

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os Cursos na sede de Galicia no ano 2024.

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **40.000,00 €**, á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, para cofinanciar os *Cursos na sede de Galicia no ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 50.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de xuño de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os *Cursos na sede de Galicia no ano 2024*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don Carlos Andradas Heranz, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitor Magnífico, que actúa facultado polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 872/2021 de 5 de outubro (BOE de 6 de outubro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidade, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no Orzamento da Deputación do ano 2024 inclúese unha subvención nominativa para o

financiamento dos *Cursos na sede de Galicia no ano 2024*.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial dos *Cursos na sede de Galicia no ano 2024*, de acordo co seguinte programa:

Retos tecnolóxicos da intelixencia artificial

Directora: Amparo Alonso. Catedrática de universidade. Departamento, Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información. Área, Ciencia da computación e intelixencia A Coruña, xuño 2024
Curso presencial e online

Loucura, cordura e diversidade

Directora: María Donapetry Camacho. Investigadora Asociada ao depto. de Filoloxía da UDC
A Coruña, xuño 2024
Curso presencial

Biodiversidade dun espazo natural galego

Director: Damián Romay. Biólogo. Ecolóxico. Especialista en Avaliación Ambiental
A Coruña, xullo 2024
Curso presencial

Uso do Big Data en investigación social e política

Director: José Ignacio Peláez Sánchez. Catedrático Universidade de Málaga.
A Coruña, do 10 ao 12 de xullo 2024
Curso presencial e online

“As Bestas”. Mediación no rural

Directora: Cristina de la Torre. Produtora, guionista e realizadora
A Coruña, setembro 2024
Curso presencial e online

Actualización metodolóxica no ensino da danza clásica III

Directora: Paula de Castro Fernández. Catedrática de Danza Clásica no Centro Superior de Danza
A Coruña, outubro 2024
Curso presencial e online

Ciclo de conferencias

Varios autores a determinar
A Coruña, xullo-decembro 2024
Aberto ao público

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

Gastos directos

Honorarios relatores	22.200,00
Viaxes relatores	7.000,00
Aloxamento e manutención relatores	7.000,00
Medios técnicos: coordinación, streaming, gravación	4.000,00
Publicidade e difusión	3.300,00
Reprografía e material	1.000,00

Total gastos directos 44.500,00

Gastos indirectos

Limpeza e desinfección locais	1.500,00
Gastos de persoal	4.000,00
<i>Total gastos indirectos</i>	5.500,00

Total gastos 50.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña

para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concurrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que estas permitan dar a difusión da financiamento pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas

de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta de IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa

Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigaçión de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle

en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser

obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suplementariamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de calificación de parte da parcela de titularidade da Deputación Provincial da Coruña que se está a acondicionar para aparcadoiro en Balarés (desafectación parcial para su calificación como ben patrimonial), para a súa posterior cesión ao Concello de Ponteceso para a realización do proxecto: "MELLORA DO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL HISTÓRICO DE BALARÉS, PONTECESO".

1.- Aprobar inicialmente polo Pleno o expediente de alteración de calificación xurídica da superficie de 728,36 m² da parcela con referencia catastral 15069A076011460000PD que esta Deputación Provincial posee en Balarés- Ponteceso, cuxa descrición figura no informe do Servizo de Arquitectura e Mantemento que se incorpora nos antecedentes, para a súa calificación como ben patrimonial.

En concreto, a superficie a desafectar para a posterior cesión é a seguinte:

<i>CESIÓN</i>	<i>SUPERFICIE (m²)</i>	<i>VALOR UNITARIO (€/m²)</i>	<i>VALOR</i>
<i>Pradería</i>	<i>554,40 m²</i>	<i>3,648 €/m²</i>	<i>2.022,45 €</i>
<i>Forestal</i>	<i>173,96 m²</i>	<i>2,10 €/m²</i>	<i>365,32 €</i>
<i>Total</i>	<i>728,36 m²</i>	<i>-</i>	<i>2.387,77 €</i>

2.- Expoñer o citado expediente de alteración de calificación xurídica a información pública durante o prazo dun mes a contar desde a publicación no BOP, a efectos de reclamacións, e, en caso de ausencia das mesmas, aprobar definitivamente o expediente sen necesidade de nova aprobación polo Pleno, noutro caso, someterase novamente á consideración do Pleno para a resolución de ditas reclamacións e a aprobación definitiva.

3.- Facultar ao Presidente da Deputación para a execución do presente acordo.

4.- Modificar o Inventario aos efectos oportunos.

5.- Comunicar á Xunta de Galicia a aprobación do presente expediente.



8.- Aprobación da segunda prórroga do contrato de servizos de soporte e mantemento da aplicación ACCEDE - PMH (padrón municipal de habitantes) dos concellos da provincia. PCO.001.2020.00009

1º) Aprobar a SEGUNDA PRÓRROGA do contrato de SERVIZOS DE SOPORTE E MANTEMENTO DA APLICACIÓN ACCEDE - PMH (PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES) DOS CONCELLOS DA PROVINCIA. PCO.OO1.2020.00009, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen, aprobados mediante Resolución da Presidencia número 19984 de data 29 de xuño de 2020, e que será realizada polo adxudicatario do contrato principal AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L., con NIF B41632332 e domicilio en Avenida Blas Infante, número 6, segunda planta; Código postal: 41400 Écija (Sevilla), nas seguintes condicións:

- Prazo: Do 22 de agosto de 2024 ao 21 de agosto de 2025.
- Prezo da prórroga: 17.992,70 euros (IVE incluído).
- Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo:

ANO	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NÚMERO OPERACIÓN	IMPORTE
2024	1 trimestre 2024	0730/49121/22799	RC 220240024563	4.498,17
2025	3 trimestres 2025		RCP 220249000382	13.494,53

O contrato queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas no exercicio correspondente (2025).

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos e advírteselle de que se non cumpriren os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

9.- Aprobación do plan de implantación do aplicativo GPA para a xestión do Inventario

1º.- Aprobar o plan de implantación do aplicativo GPA para a xestión do Inventario

2º.- Facultar á Intervención Xeral para que a través do seu Servizo de Contabilidade execute as modificacións contables que se precisen para levar a cabo a depuración do inventario, no marco do proxecto de Implantación de GPA no Servizo de Patrimonio e Contratación para a Integración do Inventario Xurídico e Contable, do que será informado o pleno da Corporación cando se someta á súa aprobación pola Secretaría xeral a rectificación anual do Inventario e pola Intervención Xeral a aprobación das contas anuais.

10.- Aprobación da rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2023

Aprobar a rectificación do inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2023.

Rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2023

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2023:

Resolución de Presidencia número:	Concepto:	Epígrafe do inventario no que causa alta:
Marca nacional M3705301(9)	MARCA "GUARDIÁN DE MARIÑÁN"	2 4
Marca nacional M3705299(3)	MARCA "JARDÍN DE LAS PALABRAS"	2 4
Marca nacional M3705298(5)	MARCA "JARDINES DE MARIÑÁN"	2
Marca nacional M3705294(2)	MARCA "ENCUENTROS EN MARIÑÁN"	2 4
Marca nacional M3705287(X)	MARCA "ESCUELA DE VERANO DE MARIÑÁN"	2
Marca nacional M3705274	MARCA "PAZO DE MARIÑÁN"	2 4

Altas do inventario:



Marca nacional M3705281(0)	MARCA "CUADERNOS DE MARIÑÁN"	2
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Man Under The Shade</i> " a Damián Uceda Cortés no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Escrito En Las Hojas 11*</i> " a Verónica Vicente Álvarez no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Autorretrato</i> " a Enrique José Lista Romay no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>#3 Da serie Himno</i> " a Juan Luis López Pérez no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Testigos de confianza</i> " a Rebeca López Villar no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Non só animal</i> " a Alejandra Pombo Suárez no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Grafito sobre papel (II)</i> " a María Cillas Rodríguez Bernal no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Horizonte/f3</i> " a Juan José Lesta Pérez no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Pulsaciones II (Fragmentos 61, 62 e 63)</i> " a Ana Isabel Gesto Beiroa no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra PREMIADA " <i>erre melón</i> " a Berio Molina Quiroga no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Historioporosis</i> " a María José Fernández Iglesias no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
36901 de 03/10/2023	Adquisición da obra seleccionada " <i>Bante#03#, paisaxe tipográfico</i> " a Andrés López Trillo no XVIII Certame de arte "Isaac Díaz Pardo"	3
16602 de 25/04/2023	Subministración dun piano para o Estudio 2 do Conservatorio Profesional de Danza en substitución do actual "PETROF" por deterioro	3
20986 de 25/05/2023	Adquisición da obra " <i>Coroación do Rei Alfonso VII como rei de Galiza</i> " do autor Modesto Brocos	3
42755 de 10/11/2023	Retrato sen título do Autor Urbano 87	3
42755 de 10/11/2023	Retrato de Pillado Villamil do autor Francisco Pillado González	3
52246 de 15/12/2022	Adquisición dunha (1) licenza da Versión Premium do programa CivilCAD	4
1079 de 13/01/2023	Adquisición dunha (1) licenza ZWCAD_Labonais	4
53229 de 21/12/2022	Adquisición sete (7) licenzas programa SISPRE	4
52826 de 20/12/2022	Subministración de catro (4) licenzas de Oracle Database	4
Exp PCO.001.2023.00403	Subministración da licenza multiusuario de PRESTO co módulo de Presupostos e medicións para o servizo de Arquitectura	4



49299 de 21/12/2023	Adquisición Volkswagen Passat 0439KJS procedente de renting	5
7366 de 24/02/2023	Tractor Giro Zero John Deere Z997R Diesel	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot 508 Allure Plug in Hybrid 225 EAT 7930MLV (Renting)	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot 508 Allure Plug in Hybrid 225 EAT 7934MLV (Renting)	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot 508 Allure Plug in Hybrid 225 EAT 7931MLV (Renting)	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot 508 Allure Plug in Hybrid 225 EAT 7935MLV (Renting)	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot 508 Allure Plug in Hybrid 225 EAT 7933MLV (Renting)	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot 508 Allure Plug in Hybrid 225 EAT 7938MLV (Renting)	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot 508 Allure Plug in Hybrid 225 EAT 7937MLV (Renting)	5
Exp PCO.001.2022.00521	Peugeot e-Traveller Business eléctrico 100kw Standard (Renting)	5
14969 de 16/04/2021 e 19036 de 11/05/2021	7 vehículos destinados ao programa de adquisición e cesión de vehículos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da coruña para a mellora dos servizos e/ou prestacións en materia de servizos sociais e/ou sociosanitarios	5
Exp PCO.001.2023.00079	6 Terminais de fichaxe	7
Exp PCO.001.2023.00511	88 Monitores Lenovo ThinkVision E24-28	7
32648 de 25/08/2023	19 CPU,s Acer Veriton x269OG DT.VWNEB.OO5	7
48313 de 17/11/2022	Ford Transit Kombi L3 130cv 6597MJG	7
38511 de 16/10/2023	Equipo GNSS TOPOGRAFÍA	7
52126 de 14/12/2022	Elementos de sillería: cadeiras apilables	7
12816 de 28/02/2023	Lavalouzas	7
16772 de 26/04/2023	Abatedor	7
5581 de 13/02/2023	10 Mesas de 1,60 x 0,80 m	7
5581 de 13/02/2023	8 Alas de 0,80 x 0,60 m	7
5581 de 13/02/2023	8 Caixoneiras rodantes	7
5581 de 13/02/2023	4 Cadeiras dactilográficas con brazos	7
5581 de 13/02/2023	4 Cadeiras de confidente	7
5581 de 13/02/2023	10 Papeleiras	7
5581 de 13/02/2023	1 Mesa de reunións circular	7
5581 de 13/02/2023	4 Armarios baixos 0,80 x 0,74 x 0,45 m	7
5581 de 13/02/2023	2 Estantes librería 3,01 x 2,83 x 0,30 m	7
5581 de 13/02/2023	2 Estantes librería 1,46 x 2,83 x 0,30 m	7
5581 de 13/02/2023	4 Aplacados de pilares 0,43 x 2,73 m	7
5581 de 13/02/2023	1 Sinalización	7
7365 de 24/02/2023	2 Conxeladores marca Liebherr	7
7365 de 24/02/2023	Máquina de encuadernación fresada (rústica) modelo tb150/5f	7
7365 de 24/02/2023	Equipamento Teatro Colón para transmisión de eventos en streaming (cámaras, encoder, trípodes...)	7
7365 de 24/02/2023	Proxector de sala con óptica de media distancia para	7



	escenario do Teatro Colón	
7365 de 24/02/2023	2 Desfibriladores semiautomáticos externos	7
7365 de 24/02/2023	BANQUETA HIDRÁULICA DE PIANO TAPIZADA DE VELOUR BB-21	7
7365 de 24/02/2023	4 Destructoras de documentos	7
7365 de 24/02/2023	7 Cadeiras xiratorias	7
7365 de 24/02/2023	2 Sillóns de traballo modelo t50, respaldo alto, xiratorios con brazos e cabezal para posto vixilancia Pazo de Mariñán	7
7365 de 24/02/2023	1 Mesa 140x80 rock k3 wengue + caixoneira rodante de 3 caixóns	7
7365 de 24/02/2023	4 Armarios	7
7365 de 24/02/2023	1 Mesa reunións modelo A1 ref.A307 diámetro 138 cm madeira nogal natural	7
7365 de 24/02/2023	1 IGT simply offset para tintas convencionais	7
7365 de 24/02/2023	10 Cadeiras Royal Sincron 5 patas	7
7365 de 24/02/2023	7 Postos de traballo con mesa e caixoneira	7
7365 de 24/02/2023	1 Armario para bidóns galvanizado	7
7365 de 24/02/2023	1 Mesa 120 diámetro encimera laminada haya estrutura 4 patas cromada	7
7365 de 24/02/2023	12 Cadeiras	7
7365 de 24/02/2023	8 Estantes parede brancos	7
7365 de 24/02/2023	2 Cama nido shogun acacia b-1745-ac	7
7365 de 24/02/2023	1 Módulo 4 caixóns acacia	7
7365 de 24/02/2023	1 Mesa auxiliar con caixoneira 4 caixóns melamina	7
7365 de 24/02/2023	1 Alimentador de pezas sen PLC map-201	7
7365 de 24/02/2023	1 TM6 + varona 220v	7
7365 de 24/02/2023	3 Equipos con ox.med.e-400d sen aspirador (b29) (desfibrilador + maleta de emerxencia)	7
7365 de 24/02/2023	1 Xogo canastas exteriores	7
7365 de 24/02/2023	1 Medidor de campo h30 evolution full	7
7365 de 24/02/2023	Vestuario diverso do conservatorio de danza	7
7365 de 24/02/2023	1 Secadora condensación bomba	7
7365 de 24/02/2023	1 Desbrozadora echo SRM 3611 TU	7
8239 de 02/03/2023	1 Peladora de patacas P-10	7
Exp 2022000047837	1 Alzadora de fricción de alta velocidade	7
Exp 2023000037385	1 Mesa 160x80	7
Exp 2023000038732	15 Cadeiras	7
Exp 2023000038732	1 Posto de traballo	7



Baixas do inventario:

Resolución de Presidencia número:	Concepto:	Epígrafe do inventario no que causa baixa:
45372 de 24/11/2023	Renault Express 1.9D C-0301-BK	5
45372 de 24/11/2023	Renault Express 1.9D C-0303-BK	5
45372 de 24/11/2023	Renault Laguna Anade 2.0 C-5954-BS	5
45372 de 24/11/2023	Audi A6 2.7 Quattro 6361-BVN	5
45372 de 24/11/2023	Audi A8 4.2 Quattro 5949-BJS	5
45372 de 24/11/2023	Audi A8 Security 4.2 Quattro 6361-BVN	5
45372 de 24/11/2023	Kia Magentis 2.0 1606-CHX	5

Modificacións do inventario:

Resolución de Presidencia número:	Concepto	Epígrafe do inventario no que causa baixa:	Epígrafe do inventario no que causa alta:
	Rectificación do número de participacions en Afigal SGR segundo certificado remitido dende Contabilidade (4686 accións)	4	4
Acordo do Pleno de 24/02/2023	Cambio de titularidade dun tramo da estrada que une a N-5447 e a estrada autónomica AC 240 a través da estrada DP 6603 (2,891 km) a favor do concello de O Pino	1	1
14969 de 16/04/2021	Ford Transit Kombi L3 3539MKB destino Asociación Ambar	5	8
14969 de 16/04/2021	Ford Transit Kombi L3 6577MKL destino Asociación A Xanela	5	8
14969 de 16/04/2021	Ford Transit Kombi L3 7974MKL destino Asociación Galega Alzheimer	5	8
14969 de 16/04/2021	Ford Transit Kombi L3 3577MKB destino Asociación Coruñesa de Esclerosis Múltiple	5	8
19035 de 11/05/2021	Toyota Proace City 9935MHK destino ONG Mestura	5	8
19035 de 11/05/2021	Toyota Proace City 0098MHL destino Agalure	5	8
19035 de 11/05/2021	Toyota Proace City 9935MHK destino ONG Mestura	5	8
19036 de 11/05/2021	Toyota Proace Verso Shuttle VX 1864MKH destino Asociación ONG Senvalos	5	8

Incorpórase como anexo ao presente acordo Inventario completo de Bens e Dereitos da Deputación Provincial da Coruña coa rectificación acordada.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia, de conformidade co preceptuado no artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 17 e 31 a 35 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña a efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno..

Non obstante, o Pleno da Corporación decidirá o que estime máis conveniente.

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da senda municipal dende Santa Rosa á praia de Soesto", do Concello de Laxe, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0020.0, levantamento das condicións as que quedou sometido e aprobación definitiva do investimento.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da senda municipal dende Santa Rosa á praia de Soesto", do Concello de Laxe, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0020.0, do Concello de Laxe, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 e o seu Plan Complementario, en cuxo apartado 2 se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Laxe condicionado á obtención das autorizacións de Augas de Galicia, e do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia, de acordo cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total	Condições pendentes
Laxe	2023.2100.0020.0	Mellora da senda municipal dende Santa Rosa á praia de Soesto	86.478,55	0,00	86.478,55	- Augas de Galicia - Urbanismo-Costas-Xunta

Logo de achegar ao expediente as Resolucións de Augas de Galicia e do Servizo Provincial de Urbanismo que autorizan, cunha serie de condicións de execución, as obras deste investimento, xunto cos informes técnicos acreditativos de que o proxecto modificado cumpre coas condicións establecidas nas ditas autorizacións.

Logo de presentar o Concello de Laxe un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 30 de abril de 2024 polo enxeñeiro técnico industrial Jesús Manuel Mallo Puga, que ten asignadas as funcións de técnico municipal, e que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 16 de maio de 2024, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que está aínda sen adjudicar, e que foi redactado, á vista do informe emitido pola Demarcación de Costas do Estado de data 3 de abril de 2023, coa finalidade de modificar a situación dos pivotes proxectados nunha das actuacións, en concreto no tramo sur da senda municipal, que invadían a zona de servidume de tránsito no linde co dominio público, incumprindo o disposto no artigo 27.1 da Lei de Costas, polo cal se modifican os planos EF-01 e EF-02 do proxecto orixinal deixando o pivote máis próximo á liña de delimitación do D.P.M.T a máis de sete metros desta, así como para corrixir as deficiencias sinaladas polo SATM desta deputación nos seus informes de data 30 de xaneiro e 19 de abril de 2024, manténdose o mesmo orzamento total de contrata do proxecto inicial.

Logo de ver o informe emitido polo técnico municipal de 14 de maio de 2024, no que

conclúe que as correccións e modificacións realizadas no “Proxecto de Mellora de senda municipal dende Santa Rosa ata a praia de Soesto (parroquia de Soesto)” non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica cumprindo cos condicionantes esixidos nas preceptivas autorizacións.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 7 de maio de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado de 30 de abril de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2023, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado asinado dixitalmente o 30 de abril de 2024, do investimento denominado “Mellora da senda municipal dende Santa Rosa á praia de Soesto”, do Concello de Laxe, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0020.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención das autorizacións de Augas de Galicia e do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia e polo tanto aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que foi redactado, á vista do informe emitido pola Demarcación de Costas do Estado de data 3 de abril de 2023, coa finalidade de modificar a situación dos pivotes proxectados nunha das actuacións, en concreto no tramo sur da senda municipal, que invadían a zona de servidume de tránsito no linde co dominio público, incumprindo o disposto no artigo 27.1 da Lei de Costas, así como para corrixir as deficiencias detectadas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación nos seus informes de data 30 de xaneiro e 19 de abril de 2024, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido a aprobación deste investimento no acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 e o seu Plan Complementario consistentes na obtención das autorizacións de Augas de Galicia, e do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total	Condições cumpridas
Laxe	2023.2100.0020.0	Mellora da senda municipal dende Santa Rosa á praia de Soesto	86.478,55	0,00	86.478,55	- Augas de Galicia - Urbanismo-Costas-Xunta

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Laxe para os efectos oportunos.



12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación do acceso a Gosende e outros", do Concello de Brión, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 por maior achega provincial, co código 2023.2102.0508.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación do acceso a Gosende e outros", do Concello do Brión, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0508.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Brión

Logo de ver que, posteriormente, mediante acordo plenario desta deputación do 27 de outubro de 2023, en relación coa Resolución de Presidencia número 45905, do 28 de novembro de 2023, aprobouse a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial

Tendo en conta que, segundo o disposto no citado acordo plenario do 27 de outubro de 2023, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallaban para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Código/Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición cumprida
		Deputación	Concello	Orzamento Total	
2023.2102.0508.0 Brión	Pavimentación do acceso a Gosende e outros	148.656,72	135.010,91	283.667,63	- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Logo de presentar o Concello de Brión un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 10 de novembro de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, sen variación do orzamento respecto do proxecto incluído no Plan, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 14 de novembro de 2023, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que aínda está sen adxudicar, e que foi redactado á vista dos condicionantes esixidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en varias das actuacións contempladas no proxecto inicial e que por o seu elevado coste (fundamentalmente pola necesidade do uso do formigón) non pode ser asumido polo concello, para a supresión desas actuacións e a súa substitución por outras que non requiren deses condicionantes.

Logo de achegar ao expediente a Resolución de Patrimonio Cultural, que é a que motiva

a redacción deste modificado, xunto coa Resolución de autorización do informe de control e seguimento arqueolóxico requirido na antedita Resolución de Patrimonio Cultural para unha das actuacións que se manteñen neste proxecto modificado, así como as Resolucións de autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, da Axencia Galega de Infraestruturas e de Augas de Galicia, que segundo indica o informe técnico (Anexo V) emitido o 11 de novembro de 2023 son preceptivas para a execución deste proxecto modificado, xunto co informe complementario do técnico redactor do proxecto asinado dixitalmente o 4 de xuño de 2024, que acredita que o proxecto modificado redactado en novembro de 2023 pode dar cumprimento a todos os condicionantes esixidos nas respectivas autorizacións sectoriais, non sendo necesario realizar ningunha modificación no mesmo

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 17 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2023, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación do acceso a Gosende e outros”, do Concello do Brión, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, que fora aprobado polo Pleno desta deputación o 27 de outubro de 2023, de forma condicionada á obtención da autorización de Patrimonio Cultural e polo tanto aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que foi redactado á vista dos condicionantes esixidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en varias das actuacións contempladas no proxecto inicial e que por o seu elevado coste (fundamentalmente pola necesidade do uso do formigón) non pode ser asumido polo concello, para a supresión desas actuacións e a súa substitución por outras que non requiren deses condicionantes, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na táboa do seguinte apartado.

2.- Considerar cumprida a condición da obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural á que fora sometida a aprobación definitiva deste investimento e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

Código/Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condições cumpridas
		Deputación	Concello	Orzamento Total	
2023.2102.0508.0 Brión	Pavimentación do acceso a Gosende e outros	148.656,72	135.010,91	283.667,63	- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello do Brión para os efectos oportunos.

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2100.0070.0

Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns", do Concello de Oza- Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2100.0070.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, polo que se aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2021, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

Logo de ver que neste Plan figura o investimento denominado "Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns", do Concello de Oza-Cesuras, código 2021.2100.0070.0, que foi aprobado de forma condicionada á obtención da autorización da Administración de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), e que logo de que o concello presentase a documentación acreditativa da súa obtención, mediante Resolución de Presidencia 2023/8061 de 28 de febreiro de 2023, en relación coa Resolución 2023/13369 de 31 de marzo de 2023, aprobouse definitivamente

Logo de ver que o Concello de Oza-Cesuras adxudicou esta obra á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L., por un importe de 158.447,08 €, e que posteriormente resolveu o contrato estando a obra totalmente pendente de executar, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Concello de Oza-Cesuras		Contrata	Adxudicación (contrato resolto)	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Código: 2021.2100.0070.0 Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns	Deputación	152.384,80	152.384,80	0,00	0,00	152.384,80
	Concello	15.019,41	6.062,28	8.957,13	0,00	6.062,28
	Total	167.404,21	158.447,08	8.957,13	0,00	158.447,08

Visto que o Concello de Oza-Cesuras presentou un proxecto modificado deste investimento, asinado o 21 de marzo de 2024 pola enxeñeira de camiños, canles e portos Ana Adelina López López, cun orzamento de contrata de **244.122,10 euros**, o que supón un incremento de 76.717,89 € en relación co proxecto inicial incluído no Plan cuxo orzamento ascendía a 167.404,21 €, incremento que é asumido integramente polo concello, que foi redactado para adecuar as actuacións contempladas no proxecto inicial coa finalidade de que a obra quede en bo estado e con garantías de durabilidade; e que

conta cun informe de supervisión favorable emitido polo Servizo de asistencia a municipios desta deputación, así como cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (limite municipal). Parroquia de Borrifáns”, do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2100.0070.0, asinado dixitalmente o 21 de marzo de 2024, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, logo da resolución do contrato coa empresa adxudicataria, coa finalidade de axustar o proxecto inicial ás necesidades actuais da obra para que esta quede en bo estado e con garantías de durabilidade. O orzamento de contrata do proxecto modificado ascende a 244.122,10 €, o que supón un incremento de 76.717,89 € en relación co proxecto inicial incluído no Plan cuxo orzamento ascendía a 167.404,21 €, incremento que é asumido integramente polo concello, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Concello de Oza-Cesuras “Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (limite municipal). Parroquia de Borrifáns” 2021.2100.0070.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación (contrato resolto)		
Deputación	152.384,80	152.384,80	152.384,80	0,00
Concello	15.019,41	6.062,28	91.737,30	76.717,89
Total	167.404,21	158.447,08	244.122,10	76.717,89

2.- Na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oza-Cesuras para os efectos oportunos.

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento e bombeo en Montefaro", do Concello de Valdoviño, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0296.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado denominado "Saneamento e bombeo en Montefaro", do Concello de Valdoviño incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0296.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Valdoviño denominado "Saneamento e bombeo en Montefaro", co código 2021.2000.0296.0

Logo de ver que o Concello de Valdoviño, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de xuño de 2022, adjudicoulle a obra á empresa SYR-AMG S.L., co CIF B15938780, por un importe de 129.163,19 € que minoran a achega dos fondos propios do concello inicial, e que está totalmente pendente de executar, segundo se reflicte na seguinte táboa:

		Contrata	Adjudicación (contrato resolto)	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Valdoviño Código: 2021.2000.0296.0 "Saneamento e bombeo en Montefaro "	Deputación	115.000,00	115.000,00	0,00	0,00	115.000,00
	Concello	37.333,16	14.163,19	23.169,97	0,00	14.163,19
	Total	152.333,16	129.163,19	23.169,97	0,00	129.163,19

Logo de declarar resolto este contrato, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño do 7 de setembro de 2023, por incumprimento da obrigaón principal do contrato por parte do contratista.

Logo de aprobar o Concello de Valdoviño un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado o 13 de novembro de 2023, cun incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan que é asumido integramente polo concello, para actualizar os prezos dos materiais, man de obra e maquinaria ao custe actual debido ás circunstancias e o tempo transcorrido dende a súa redacción

Logo de ver o escrito de Alcaldía de data 24 de abril de 2024, no que se fai constar o compromiso de consignación de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal, tal como se recolle na base 8 do POS+2021

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento e bombeo en Montefaro”, do Concello de Valdoviño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0296.0, asinado dixitalmente o 13 de novembro de 2023, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, logo da resolución do contrato coa empresa adxudicataria, coa finalidade de axustar o proxecto inicial ás necesidades dos prezos actuais da obra dado ás circunstancias e ao tempo transcorrido dende a súa redacción inicial e tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Valdoviño, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con resolución de contrato Concello de Valdoviño “Saneamento e bombeo en Montefaro” Código 2021.2000.0296.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación (contrato resolto)		
Deputación	115.000,00	115.000,00	115.000,00	0,00
Concello	37.333,16	14.163,19	93.475,82	56.142,66
Total	152.333,16	129.163,19	208.475,82	56.142,66

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Valdoviño asume integramente o incremento do financiamento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Valdoviño para os efectos oportunos.



Deputación
DA CORUÑA

15.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a maio de 2024.

PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de maio de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de maio de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.



Deputación
DA CORUÑA

16.- Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2023.

Aprobar os estados demostrativos relativos á xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios correspondentes o exercicio 2023.

17.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Tordoia (instrución de expedientes sancionadores por infraccións de tráfico e a súa recadación voluntaria e executiva).

1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Tordoia en relación coa seguinte materia:

Instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como a súa recadación tanto en período voluntario como executivo.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia e as Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.

18.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Zas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

PRIMEIRO.- Aceptar a adhesión do Concello de Zas ao Plan PREMADECOR, 3º GRAO, asumindo esta Deputación no referente aos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), as funcións de avaliación de riscos, seguimento de medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia do Concello delegante.

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento, indicándose no anuncio que contra este acordo poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación (artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.). E previamente poderase interpor recurso de reposición, ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación, sen que se poidan simultanear ambos os dous recursos (artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.). Tamén se poderá presentar calquera outro recurso que se estime procedente.

19.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios.

1.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS, modificación (artigo 6) e redacción íntegra.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS

Artigo 1.- Fundamento Legal

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no art. 132 en relación cos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que lle encomenden as entidades locais e corporacións de dereito público da provincia, que se esixirá de acordo ao disposto nesta ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación de tributos, prezos públicos ou outros ingresos de dereito público dos que sexan titulares as entidades locais e as corporacións de dereito público da provincia, sendo requisito indispensable para tal prestación a concorrencia das seguintes circunstancias:

1º) Que os servizos dos que se solicite a prestación estean incluídos entre os que por acordo plenario da Deputación provincial se establezan previamente como susceptibles de tal prestación, conforme ás bases aprobadas polo dito acordo.

2º) Que as entidades locais, corporacións ou institucións titulares dos ingresos públicos correspondentes soliciten expresamente a prestación dos servizos establecidos, co contido, alcance e formalidades determinadas polas súas bases reguladoras.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as entidades locais e corporacións de dereito público titulares dos ingresos de dereito público cuxa xestión, inspección e recadación se encomende á Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas normas, acordos e as súas bases reguladoras.

Artigo 4.- Devengo

A presente taxa devengarase anualmente cando se inicie a prestación dos servizos que constitúen o feito imponible; non obstante, a liquidación e cobro destas levarase a cabo de acordo co disposto no artigo 7 da presente ordenanza fiscal.

Artigo 5.- Base imponible

A base imponible estará constituída polos seguintes conceptos:

1) A recadación líquida obtida en período voluntario durante o exercicio que se vai liquidar; entendendo como tal o resultado de diminuír, dos ingresos brutos recadados, o importe das devolucións de ingresos indebidos formalizadas, acordadas durante o exercicio.

Para os efectos da cuantificación da cota tributaria prevista no artigo 6 a), para a determinación do importe dos ingresos brutos recadados fíxase un importe máximo de 60.000,00 euros por cada recibo, liquidación ou autoliquidación.

2) O importe das recargas do período executivo recadados no exercicio.

Artigo 6.- Cota tributaria

A cota tributaria resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

a) O cinco por cento (5%), no suposto 1) do artigo anterior, excepto para a recadación das sancións tributarias que deriven da inspección da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións de interese xeral.

b) O setenta e cinco por cento (75%), no suposto 2) do artigo anterior.

c) O cincuenta por cento (50%) do importe das sancións da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións de interese xeral, recadadas no período voluntario e executivo. No caso de que os ditos importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% dos recargos do período executivo recadados.

d) O cincuenta por cento (50%) do importe das sancións que se deriven da inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e da Taxa por Licenza de Obras ou Urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras. No caso de que os devanditos importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo recadadas.

e) Para os concellos que non teñen delegada a xestión, inspección e recadación dos impostos municipais obrigatorios non serán aplicables as letras anteriores, senón as porcentaxes seguintes:

e.1) No caso de que a Deputación asuma a instrución e a recadación voluntaria e executiva das sancións municipais de tráfico ou dos reintegros e sancións derivados de expedientes de control financeiro:

- O **12,5%** do importe recadado por estes conceptos en período voluntario.
- O **25%** do importe recadado por estes conceptos en período executivo.

e.2) No caso de que a Deputación asuma a recadación executiva das sancións municipais:

- A totalidade do importe da recarga do período executivo que corresponda relativo ás sancións que foran efectivamente recadadas.

e.3) No caso da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais:

- **5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- **75%** do importe das recargas de constrinximento recadadas en período executivo.
- **50%** do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministración de interese xeral, recadadas en período voluntario e executivo. No caso de que os anteriores importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo.

f) No caso de que, como consecuencia dun convenio, o concello ou outro ente local colabore coa Deputación na inspección do Imposto sobre Actividades Económicas ou calquera outro tributo, o importe da taxa a abonar pola recadación líquida obtida como consecuencia das liquidacións de ingreso directo ou autoliquidacións practicadas deste labor inspector en colaboración será o seguinte:

- O **2,5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- O **75%** do importe da recarga de constrinximento recadada en período executivo.

g) Para as Comunidades de usuarios de augas da provincia, que deleguen a recadación dos seus ingresos públicos:

1. No caso de que a Deputación asuma a recadación tanto voluntaria como executiva das débedas:

- O **12,5%** do importe recadado en período voluntario.
- O **25%** do importe recadado en período executivo.

2. No caso de que a Deputación asuma só a recadación executiva das débedas:

- A totalidade do importe da recarga do período executivo que corresponda relativo ás débedas que foran efectivamente recadadas.

Artigo 7.- Liquidación da taxa

Ao remate do exercicio, e dentro do primeiro trimestre seguinte, o Servizo de Recadación renderá conta por conceptos e titulares dos ingresos producidos durante o período e practicará conxuntamente a liquidación anual da taxa por prestación dos servizos tributarios, calculada conforme ao establecido nesta ordenanza.

Artigo 8.- Normas complementarias

En todo o non especialmente establecido nesta ordenanza fiscal estarase ao disposto

pola ordenanza fiscal xeral e nas bases para a prestación dos servizos tributarios aprobadas pola Corporación provincial.

Disposición final.- A presente Ordenanza Fiscal derroga a aprobada polo Pleno do 27 de maio de 2022. Entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Expoñer ao público o presente acordo, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, no taboleiro de anuncios desta Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

3.- Entender que a aprobación inicial é definitiva, no caso de que, transcorrido o período de información pública, non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

4.- Publicar o acordo e a redacción íntegra da ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios para a súa entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.



Deputación
DA CORUÑA

20.- Dación de conta da resolución de presidencia número 23696/2024 relativa a persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 23696 de 5 de xuño de 2024 pola que se cesa a persoal eventual.

21.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Acondicionamento da edificación existente para albergar o Centro de Interpretación de arte rupestre de Vilvestro (CIRVI) en Santiago de Compostela"

1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O Centro de Interpretación Rupestre de Vilvestro (CIRVI), como centro de interpretación e eixo central do futuro parque, forma parte desta estratexia global para a posta en valor conxunta de todo o territorio de Compostela Rupestre e ten a misión de visibilizar un patrimonio único así como ofrecer alternativas culturais e de lecer tanto a veciños como a visitantes.

O Centro de Interpretación Rupestre de Vilvestro (CIRVI) está situado na parroquia homónima, no Concello de Santiago de Compostela, e será o centro de recepción de visitantes do proxecto: o lugar de acollida e información do parque. O obxectivo central desta infraestrutura será o de ofrecer un coñecemento dos principais atractivos patrimoniais, proporcionándolle aos visitantes a información necesaria para chegar a eles. A maiores, contará cunha exposición escenográfica con elementos multimedia e audiovisuais que promovan o descubrimento tanto da arte rupestre coma da paisaxe e do territorio.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con CIF P1507900G , para financiar o "ACONDICIONAMENTO DA EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA ALBERGAR O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE ARTE RUPESTRE DE VILLESTRO (CIRVI) EN SANTIAGO DE COMPOSTELA" cun orzamento de 225.857,18 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 225.857,18 euros o que representa unha porcentaxe de **100,00%**.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "ACONDICIONAMENTO DA



**Deputación
DA CORUÑA**

EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA ALBERGAR O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE ARTE RUPESTRE DE VILLESTRO (CIRVI) EN SANTIAGO DE COMPOSTELA"

Na Coruña, a ___ de _____ de 202_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **ACONDICIONAMENTO DA EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA ALBERGAR O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE ARTE RUPESTRE DE VILLESTRO (CIRVI) EN SANTIAGO DE COMPOSTELA**, xa que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA considera necesario executar as accións relativas á adecuación para Centro de Interpretación de Arte Rupestre de Villestro no inmovible do antigo centro docente infantil e primario en Villestro, escola infantil Feáns-Villestro. O inmovible está parcialmente acondicionado pero polo paso do tempo e a falta de uso e de mantemento, resulta necesario volvelo acondicionar e ademais son precisas as actuacións na parcela para mellorar o acceso á edificación e xerar prazas de

aparcamento para un autobús, cinco coches e cinco bicis, todo elo no marco do proxecto de Compostela Rupestre que está a impulsar a Deputación da Coruña.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar o ACONDICIONAMENTO DA EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA ALBERGAR O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE ARTE RUPESTRE DE VILLESTRO (CIRVI) EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, con CIF P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de "ACONDICIONAMENTO DA EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA ALBERGAR O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE ARTE RUPESTRE DE VILLESTRO (CIRVI) EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, tal e como aparece definida esta na memoria valorada que figura no expediente.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

FASE 01

1 ACTUACIONES PREVIAS	20.064,77
2 MOVIMIENTO TERRAS	7.585,93
3 CIMENTACION	6.926,05
4 ILLAMENTOS E IMPERMEABILIZACIÓNS	8.343,10

5 CERRAMENTOS, TABIQUERÍA E APLACADOS	2.613,97
6 ALICATADOS, CHAPADOS, PAVIMENTOS y PINTURAS	19.058,24
7 CARPINTERÍA INTERIOR E CARPINTERIA EXTERIOR	8.136,09
8 INSTALACIÓN DE ELECTRICIDADE E ILUMINACIÓN	6.882,75
9 INSTALACIÓN DE FONTANERÍA	2.335,32
10 INSTALACIÓN DE SANEAMENTO	1.165,13
11 INSTALACIÓN DE ASCENSOR	1.262,71
12 INSTALACION DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS	618,94
13 INSTALACIÓN DE SEGURIDADE E VIXIANCIA	5.845,94
14 INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN	10.397,44
15 INSTALACIÓN DE CLIMA	14.870,79
16 SEGURIDADE E SAÚDE	4.577,37
17 XESTIÓN DE RESIDUOS	1.736,24
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	122.420,78
13 % GASTOS XERAIS	15.914,70
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL	7.345,25

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA 176.273,68

RESUMO DO PRESUPOSTO MOBILIARIO

1 MOBILIARIO, GRAFICA E EQUIPAMENTO	28.785,24
2 ELEMENTOS TÉCNICOS E INFORMÁTICOS	2.192,86
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	40.978,10
13 % GASTOS XERAIS 0,00	
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL 0,00	
SUMA	40.978,10
21 % I.V.E.	8.605,40
ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA	49.583,50

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **225.857,18 euros** o que representa unha porcentaxe de **100,000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **100,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3339/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará

redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 54 das de execución do Orzamento para o ano 2024, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na

conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.



X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da

Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de DECEMBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de OUTUBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



**Deputación
DA CORUÑA**

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____
E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____**

**A ALCALDESA -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Asdo.: _____

Asdo. _____

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. _____

22.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Moeche para financiar I Feira Estatal de queixo artesán e VI Feira do Queixo de Moeche

1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Este convenio está recollido no **PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS**.

3º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva:

- A actividade proposta polo Concello de Moeche enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante na conservación do produto máis básico como é o leite.
Neste senso cabe sinalar a importancia de manter a produción de queixo dun xeito artesanal na comarca de Moeche
- A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta festa nun dos principais impulsores económicos do municipio
- Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en converter este lugar nun referente do mantemento das actividades artesanais, neste caso o queixo, para isto ofrecen as seguintes actividades:
 - Promover o queixo artesán como produto de proximidade, apoiar o sector lácteo comarcal e ser un factor de desenvolvemento local potenciado no só o queixo, como produto de referencia, senón tamén o pan, un produto de altísima cualidade no municipio.
 - A feira do queixo de Moeche ademais de ser un espazo de exposición e venda dos mellores produtos, acolle tamén catas da man de prestixiosos mestres queixeros.
 - Como “Concello Amigo da infancia”, centra parte dos seus eventos nos rapaces e rapazas e nesta feira os máis novos da comarca teñen opción de aprenderen a elaborar queixo fresco da man dos propios produtores.
 - Xornadas de formación para profesionais do sector
 - Organízanse catas comentadas, mostras de cociña, obradoiros para a rapazada, visitas ao castelo e todo mantendo como núcleo central o queixo.



- Presentación das queixerías que asisten e á presentación oficial da Red España de Queixerías de Campo e Artesanas (QueRed), un camiño que levará ás queixerías a diversificar e dar visibilidade a un oficio tan ligado á terra e fundamental para a supervivencia do medio rural.
- Dar a coñecer o castelo e a súa renovada exposición no Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas, que acolle tamén un espazo explicativo sobre o Xeoparque Cabo Ortegal Moeche.

Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche con CIF P1505000H para financiar o proxecto “I Feira Estatal de Queixo Artesán e VI Feira do Queixo de Moeche” cunha achega provincial de 38.400,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 48.000,00 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MOECHE para financiar o proxecto “I FEIRA ESTATAL DE QUEIXO ARTESÁN E VI FEIRA DO QUEIXO DE MOECHE”

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Moeche

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MOECHE, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes

cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MOECHE, CIF P1505000H**, para o financiamento das “I FEIRA ESTATAL DE QUEIXO ARTESÁN E VI FEIRA DO QUEIXO DE MOECHE”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE MOECHE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	BASE	IVE 21%	TOTAL IVE INCLUÍDO
Contacto, coordinación e distribución das queixerías no recinto	3.305,79 €	694,21 €	4.000,00 €
Aluguer e montaxe de infraestruturs e servizos	14.876,03 €	3.123,97 €	18.000,00 €
Publicidade, cartelería e plan de difusión	10.743,80 €	2.256,20 €	13.000,00 €
Actividades de dinamización, actuacións, transporte e persoal de atención ao público e participantes	9.917,35 €	2.082,65 €	12.000,00 €
Gastos xerais protocolo	826,45 €	173,55 €	1.000,00 €
TOTAL	39.669,42€	8.330,58€	48.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **38.400,00 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3341/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MOECHE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto

efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MOECHE o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MOECHE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MOECHE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MOECHE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MOECHE, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MOECHE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MOECHE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MOECHE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MOECHE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MOECHE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MOECHE na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MOECHE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MOECHE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro,



xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MOECHE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MOECHE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MOECHE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2028 de 5 de decembro Lei de Protección de datos personales e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MOECHE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2024, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin.** O CONCELLO DE MOECHE deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2025.**
2. Para o caso de que o CONCELLO DE MOECHE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de xuño de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MOECHE perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MOECHE, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o



presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE MOECHE

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

23.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Promoción do sector audiovisual galego e consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia no ámbito nacional e internacional".

Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo co Clúster Audiovisual Galego para cofinanciar o proxecto "PROMOCIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO E CONSOLIDACIÓN DA CORUÑA COMO POLO AUDIOVISUAL DE REFERENCIA NO ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL", na anualidade 2024, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Clúster Audiovisual Galego, CIF G-15891260, para regular a achega de 244.647,65€ para cofinanciar o proxecto "PROMOCIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO E CONSOLIDACIÓN DA CORUÑA COMO POLO AUDIOVISUAL DE REFERENCIA NO ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL", cun orzamento subvencionado de 274.885,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 89%.
4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240030122.1 da Partida 0520/92052/481, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2024 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 30 de xuño de 2025.
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER AUDIOVISUAL GALEGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "PROMOCIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO E CONSOLIDACIÓN DA CORUÑA COMO POLO AUDIOVISUAL DE REFERENCIA NO ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL"

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D., en representación da Asociación Clúster do Audiovisual Galego.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

1.- A Asociación Clúster do Audiovisual Galego (en adiante o Clúster) é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro, que reúne a empresas tractoras da industria de contidos dixitais e audiovisuais en Galicia que participan en todos os procesos da cadea de valor da produción audiovisual.

Toda a súa actividade baséase na colaboración entre os axentes do sector para xerar valor engadido para aumentar o seu volume de negocio a través de sinerxias para desenvolver Proxectos empresariais que convertan a Galicia nun referente na industria audiovisual.

Baixo un enfoque colaborativo, o Clúster reúne a máis de cen empresas, entidades e institucións que abarcan toda a cadea de valor do sector, desde produtoras e distribuidoras ata tecnolóxicas e de formación. A entidade está consolidada como un actor clave no panorama audiovisual galego, liderando a promoción do sector audiovisual, ao contar cunha ampla traxectoria nel e un profundo coñecemento do mesmo. O Clúster conta ademais cunha ampla experiencia na promoción do sector a nivel nacional e internacional e na participación activa en eventos e plataformas de referencia, así como na execución eficaz de proxectos innovadores.

O seu principal obxectivo reside en potenciar a competitividade do sector audiovisual galego, impulsando a súa internacionalización e facilitando a colaboración entre os seus membros. Para iso, o Clúster desenvolve unha ampla gama de actividades que abarcan diversos ámbitos:

- **Internacionalización:** promoción da marca “Galicia Audiovisual” no extranxeiro, participación en feiras e mercados internacionais, desenvolvemento de programas de intercambio e captación de inversións.
- **Innovación:** fomento da I+D+I no sector audiovisual , apoio ao desenvolvemento de novas tecnoloxías e creación dun ecosistema emprendedor.
- **Formación:** implementación de programas de formación especializada para profesionais do sector, organización de talleres, xornadas e seminarios.
- **Promoción:** difusión do talento audiovisual galego a nivel nacional e internacional, organización de eventos e actividades de networking.

2.- A Deputación da Coruña está a desenvolver o proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA). Coruña Estudo Inmersivo (CEI), no marco da

convocatoria de axudas no ámbito da Sociedade da Información para a creación dun ecosistema dixital no sector audiovisual, segundo o disposto na Orde ETD/677/2022, de 14 de xullo.

A través do proxecto, a entidade provincial está a construír na cidade das TIC, un estudio virtual de última xeración (plató virtual VPxR), como elemento revulsivo e dinamizador do emprego, en especial dentro do sector audiovisual. Por medio do estudio virtual as empresas do sector audiovisual galego e doutras comunidades poderán desenvolver cos máis sofisticados sistemas tecnolóxicos, a súa creatividade e a produción de grandes películas nas mellores condicións de calidade, innovación e tecnoloxía.

Con esta iniciativa, a Deputación quere impulsar e apoiar o sector audiovisual galego, contribuír á súa modernización e competitividade, así como fomentar a creación de emprego e de empresas en sectores estratéxicos e innovadores como é o audiovisual.

3.- Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Clúster do Audiovisual Galego no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Clúster do Audiovisual Galego, CIF G15891260, para o financiamento do proxecto “**PROMOCIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO E CONSOLIDACIÓN DA CORUÑA COMO POLO AUDIOVISUAL DE REFERENCIA NO ÁMBITO NACIONAL DE INTERNACIONAL**”, para contribuír a converter Galicia e en especial a provincia da Coruña, nun referente no sector audiovisual, promocionando a súa modernización, creatividade, produción e competitividade nos mercados nacionais e internacionais,

A finalidade última é contribuír ao desenvolvemento socioeconómico da provincia, mediante a posta en valor dun sector estratéxico, moderno e innovador, en alza na provincia da Coruña, capaz de crear emprego cualificado e de calidade e de atraer empresas de nivel nacional e internacional, así como de crear outras novas que convirtan a nosa provincia nun referente do sector audiovisual.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Clúster levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	Orzamento
1. GASTOS DE PERSOAL IMPUTADO AO PROXECTO	28.800,00
Soldos e salarios:	21.737,64
1. 1 Directora e 1 Técnica de proxecto do CLAG (94%)	21.737,64



imputación)	
Seguridade Social a cargo da entidade:	7.062,36
1. 1 Directora e 1 Técnica de proxecto do CLAG (94% imputación)	7.062,36
2. CONTRATACIÓNS EXTERNAS	178.000,00
Promoción do sector audiovisual galego e presenza en eventos de referencia nacional e internacional:	83.000,00
<ul style="list-style-type: none">Congreso Internacional de Animación, VFX, VP e Nuevos Media, Mundos Digitales	50.000,00
MIPCOM- Contratación Case Study. Panel: "A produción virtual. Rodar en España", para o Mercado Internacional de Programas de Comunicaci3ns	10.000,00
<ul style="list-style-type: none">Acto para a recepci3n de asistentes no evento Festival Internacional de San Sebasti3n	6.000,00
<ul style="list-style-type: none">Acto para a recepci3n de asistentes no evento Mercado Internacional de Programas de Comunicaci3ns- MIPCOM	15.000,00
<ul style="list-style-type: none">Acto para a recepci3n de asistentes no evento 1.I+P, Ideas para Producir 2024	2.000,00
Elaboraci3n de elementos/ pezas audiovisuais para a promoci3n e difusi3n plat3 virtual VpxR	40.000,00
<ul style="list-style-type: none">V3deo promocional e pezas audiovisuais	
Asesoramento t3cnico para o deseño de acci3ns de promoci3n:	25.000,00
<ul style="list-style-type: none">Contrataci3n de profesionais independentes para o deseño das acci3ns de promoci3n	
Formaci3n en produci3n virtual (2 edici3ns curso Produci3n Virtual/10 alumnos/a por edici3n).	30.000,00
<ul style="list-style-type: none">Honorarios docentes	
Publicidade e propaganda:	28.730,00
<ul style="list-style-type: none">Creatividades e inserci3ns publicitarias para evento Festival Internacional de San Sebasti3n	10.730,00
<ul style="list-style-type: none">Creatividades e inserci3ns publicitarias para evento Mercado Internacional de Programas de Comunicaci3ns- MIPCOM	18.000,00
Desprazamentos:	7.500,00
<ul style="list-style-type: none">Festival Internacional de San Sebasti3n	1.500,00
<ul style="list-style-type: none">Mercado Internacional de Programas de Comunicaci3ns- MIPCOM	2.000,00
<ul style="list-style-type: none">I+P Ideas para Producir 2024	4.000,00
Outros gastos financeiros:	5.000,00
<ul style="list-style-type: none">Constituci3n de fianza, aval ou garant3a anticipo axuda	5.000,00
Arrendamentos:	6.770,00
<ul style="list-style-type: none">Alugueiro do espazo no Festival Internacional de San Sebasti3n	6.770,00
Gastos correntes:	20.085,00
<ul style="list-style-type: none">Comunicaci3ns e subministraci3ns	20.085,00
ORZAMENTO	274.885,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, por importe de **244.647,65€** o que representa unha porcentaxe do 89,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 89,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios do Clúster acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Clúster de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Clúster. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Clúster, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministros necesarios realizarase con suxección ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os Pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo Presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que evalúe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logotipo da Deputación da Coruña, dispoñible na páxina web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Clúster.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54 das Bases de execución do orzamento para o ano 2024, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso será tamén de aplicación o previsto no artigo 27.3 e 4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación (publicada no BOP número 150 do 10 de agosto de 2021)

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Clúster, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe da subvención concedida, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

2. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. O Clúster estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

2. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Clúster, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
4. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
5. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso en conta da entidade financeira indicada polo Clúster na documentación achegada, no prazo de catro meses desde que presentara completamente a documentación xustificativa.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de xullo de 2024 e o 31 de marzo de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Clúster deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Clúster para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Clúster da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Clúster na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Clúster terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O Clúster deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Clúster destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impoñer, o Clúster deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Clúster poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Clúster queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Clúster serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

subvencións, a concesión da subvención ao Clúster será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados **desde o día 1 de xullo de 2024 ata o 31 de marzo de 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **30 de xuño de 2025**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Previa solicitude do Clúster, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que se expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Clúster, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña Pola Asociación Clúster do Audiovisual Galego

Asdo.

Asdo.



24.- Aprobación técnica do proxecto da obra Sendas Peonís nas estradas DP 5602 Negreira a Pontenafonso e DP 1302 Negreira a Urdilde (NEGREIRA), incluída no Plan de Sendas Peonis 2024

1.- Aprobar técnicamente o Proxecto SENDAS PEONÍS NAS ESTRADAS DP 5602 NEGREIRA A PONTENAFONSO E DP 1302 NEGREIRA A URDILDE (NEGREIRA). PLAN DE SENDAS PEONÍS 2024 cun orzamento total de **725.971,63€** con cargo á aplicación 2024/**0410/4535/60900**, que se detalla:

CONCELLO	CODIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO	CLASIFICACIÓN
Negreira	2024.1170.0002.0	SENDAS PEONÍS NAS ESTRADAS DP 5602 NEGREIRA A PONTENAFONSO E DP 1302 NEGREIRA A URDILDE	10 MESES	725.971,63 €	G-6-3

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra de SENDAS PEONÍS NAS ESTRADAS DP 5602 NEGREIRA A PONTENAFONSO E DP 1302 NEGREIRA A URDILDE (NEGREIRA)

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.



25.- Aprobación técnica do proxecto da obra Senda peonil na estrada DP 1004 Lanzá a Boimorto, dende o punto quilométrico 9+690 ao 10+560 (BOIMORTO), incluída no Plan de Sendas Peonis 2024

1.- **Aprobar técnicamente o Proxecto** SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 1004 LANZÁ A BOIMORTO, DENDE O PUNTO QUILOMÉTRICO 9+690 AO 10+560 (BOIMORTO) PLAN DE SENDAS PEONÍS 2024 cun orzamento total de **458.097,12 €** con cargo á aplicación 2024/**0410/4535/60900**, que se detalla:

CONCELLO	CODIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO	CLASIFICACIÓN
Boimorto	2024.1170.0003.0	SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 1004 LANZÁ A BOIMORTO, DENDE O PUNTO QUILOMÉTRICO 9+690 AO 10+560 (BOIMORTO)	6 MESES	458.097,12 €	Non se esixe

2.- **Condicionar a iniciación do expediente de contratación das obras, á cesión das parcelas polo concello de Boimorto,** co fin de executar os traballos recollidos no proxecto que require a ocupación das mesmas e cuías referencias catastrais relacionanse a continuación,

Parcela	Area (m2)
1120303NH7612S	37
1120328NH7612S	10
1120304NH7612S	15

3.- **Expoñer ao público** o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

4.- **Remitir o expediente** para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

26.- Desestimación do recurso de reposición formulado por C.B.J contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial da Coruña de 24 de febreiro de 2023 polo que se aprobou o proxecto de obra na DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase.

Desestimar o recurso de reposición formulado por María del Carmen Becerra Junquera o pasado 8 de febreiro de 2024 contra o acordo do Pleno da Deputación da Coruña de 24 de febreiro de 2023 polo que se aprobou o proxecto número 2023.1110.0001.0 denominado DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase e se publicou no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023, polos seguintes feitos e fundamentos xurídicos:

Antecedentes. María del Carmen Becerra Junquera dirixiu o pasado 8 de febreiro de 2024 un escrito no que solicita, en síntese, a paralización do procedemento de expropiación, a apertura dun novo período de información pública de acordo coa Lei e Regulamento de Estradas de Galicia, que se modifique o proxecto segundo a normativa urbanística de xeito que manteña un equilibrio de superficies e bens afectados entre as persoas titulares e que, se é o caso, se expropie o terreo estrictamente necesario e se repoñan coa propia obra os peches afectados.

Consultados os antecedentes que constan nesta Administración, compróbase que a Deputación da Coruña tramitou o expediente número 2023000005600 denominado "Aprobación técnica do proxecto da obra DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase" que contén o citado proxecto técnico e que, logo da fiscalización da Intervención, foi ditaminado favorablemente o 15/02/2023 pola Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais, quen elevou ao Pleno a proposta favorable que posteriormente foi aprobada polo Pleno de 24 de febreiro de 2023 esometida a información pública por un prazo de dez días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023.

Non se rexistraron alegacións, polo que o proxecto resultou definitivamente aprobado e o 22 de xaneiro do 2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de levantamento de actas previas á ocupación e se convocou ás persoas interesadas o pasado 12 de febreiro do 2024 na Casa do Concello de Cabanas, entre elas a María del Carmen Becerra Junquera e dous mais titulares catastrais dos bens relacionados co número 9. Ao citado acto compareceu José López Abella e achegou alegacións sobre estes concretos predios da relación de bens e dereitos expropiados e documentación acreditativa da súa propiedade, pendente adía de hoxe do seu exame e resolución.

Lexitimación. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas considera no seu artigo 4 persoas interesadas a aquelas que teñan dereitos que podan resultar afectados pola decisión que se adopte. No presente caso, un predio catastrado a nome da reclamante figura incluído no proxecto que se someteu a aprobación do Pleno, do que resultan bens afectados co número 9 polo que María del Carmen Becerra Junquera ten lexitimidade para formular o presente recurso

Competencia. Segundo o artigo 209.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán (.../...) exercer as accións pertinentes ante a xurisdición competente. Por outra banda o artigo 210.a) do mencionado regulamento sinala que poñen fin á vía administrativa, entre outras, as resolucións do Pleno e o artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas manifesta que poñen fin á vía administrativa as resolucións de órganos administrativos cando o unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza e tamén cando carezan de superior xerárquico. O artigo 123 da da citada Lei 39/2015 dispón que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase, polo que será o Pleno o órgano competente para a resolución do presente recurso.

Prazo para interpoñer o recurso. O artigo 124 da citada Lei 39/2015 establece que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso e o artigo 116 recolle expresamente como causa de non admisión a de ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso. No presente caso atopámonos ante un acto expreso que foi aprobado polo Pleno da Deputación o 24 de febreiro de 2023 e sometido a información pública mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023 por un prazo de dez días - que o recorrente considera que incumple a lexislación vixente e que cómpre examinarno seguinte parágrafo - e sobre o que formulou recurso o 8 de febreiro de 2024 polo que, con carácter previo, procedería a súa non admisión por extemporáneo.

Prazo para expoñer o proxecto. O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoradas Bases do Réxime Local recolle como competencia propia entre outras - a cooperación na planificación no territorio provincial. Para o desenvolvemento desta cooperación o artigo 32 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local establece que as Deputacións redactarán os plans provinciais e que se inserirán no Boletín Oficial da Provincia para que poidan formularse alegacións e reclamacións sobre estes durante un prazo de dez días.

No presente caso e tal e como xa se sinalou, o proxecto técnico DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase foi aprobado polo Pleno de 24 de febreiro de 2023 e sometido a información pública por un prazo de dez días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023 e do que non consta ningunha outra alegación o reclamación.

A recorrente manifesta que o prazo de exposición pública tiña que ser o de trinta días previsto no artigo 21 da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia, pero a propia lei no mesmo artigo restrinxe a aplicación deste precepto para os casos de construción de novasestradas non previstas no planeamento urbanístico municipal ou modificacións substanciais destas que afecten de maneira significativa ao instrumento de planificación urbanística, polo que non queda acreditada a necesidade da exposición pública polo prazo de trinta días solicitado.

As consecuencias da súa exposición. O proxecto número 2023.1110.0001.0 denominado DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO

QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS foi sometido a exposición pública mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023, para que tódalas persoas que que así o manifestasen puidesen formular as alegación que considerasen oportunas.

O anuncio publicado permite identificar con claridade a Administración actuante, o proxecto, o su orzamento e o lugar onde pode ser examinado, polo que contén os requisitos formais para acadar o seu fin. Ninguén formulou ningunha alegación en prazo, polo que non foi posible identificar ningún dereito que se vexa prexudicado polo desenvolvemento do proxecto.

As alegacións ao proxecto. Aínda que non é posible revisar as concretas alegacións ao proxecto formuladas por María del Carmen Becerra Junquera por resultar extemporáneas, cómpre lembrar que a fundamentación da actuación desenvolvida é sempre o interese público, que prevalece sobre os dos particulares. A necesaria compensación dos dereitos das persoas afectadas polo proxecto non depende dun pretendido equilibrio de superficies e bens afectados entre todos eles e sí da xusta valoración de cada un dos bens e dereitos que resulten estrictamente necesarios para a execución dun proxecto que ten utilidade pública nos termos a Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia.

Cabe concluír que a actuación desenvolvida é axustada a dereito, non produciu indefensión ningunha e non impediu ao acto acadar o seu fin, polo que non é posible admitir o recurso de reposición presentado fóra de prazo.

Do mesmo xeito, procede desestimar a solicitude de suspensión do acto impugnado polos feitos e fundamentos xurídicos expostos.

O presente acordo esgota a vía administrativa e, de conformidade co previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución do presente recurso poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de calquera outro recurso o reclamación que considere oportuno.

27.- Desestimación do recurso de reposición formulado por J.L.A. contra o acordo do Pleno da Deputación da Coruña de 24 de febreiro de 2023 polo que se aprobou o proxecto de obra na DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase.

Desestimar o recurso de reposición formulado por José López Abella o pasado 8 de febreiro de 2024 contra o acordo do Pleno da Deputación da Coruña de 24 de febreiro de 2023 polo que se aprobou o proxecto número 2023.1110.0001.0 denominado DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase e se publicou no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023, polos seguintes feitos e fundamentos xurídicos:

Antecedentes. José López Abella dirixiu o pasado 8 de febreiro de 2024 un escrito no que solicita, en síntese, a paralización do procedemento de expropiación, a apertura dun novo período de información pública de acordo coa Lei e Regulamento de Estradas de Galicia, que se modifique o proxecto segundo a normativa urbanística de xeito que manteña un equilibrio de superficies e bens afectados entre as persoas titulares e que, se é o caso, se expropie o terreo estrictamente necesario e se repoñan coa propia obra os peches afectados.

Consultados os antecedentes que constan nesta Administración, compróbase que a Deputación da Coruña tramitou o expediente número 2023000005600 denominado "Aprobación técnica do proxecto da obra DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase" que contén o citado proxecto técnico e que, logo da fiscalización da Intervención, foi ditaminado favorablemente o 15/02/2023 pola Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais, quen elevou ao Pleno a proposta favorable que posteriormente foi aprobada polo Pleno de 24 de febreiro de 2023 e sometida a información pública por un prazo de dez días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023.

Non se rexistraron alegacións, polo que o proxecto resultou definitivamente aprobado e o 22 de xaneiro do 2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de levantamento de actas previas á ocupación e se convocou ás persoas interesadas o pasado 12 de febreiro do 2024 na Casa do Concello de Cabanas, entre elas a José López Abella, titular catastral dos bens relacionados cos números 8 e 8T. Ao citado acto compareceu o interesado e achegou alegacións sobre estes concretos predios da relación de bens e dereitos expropiados e documentación acreditativa da súa propiedade, pendente a día de hoxe do seu exame e resolución. Lexitimación. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas considera no seu artigo 4 persoas interesadas a aquelas que teñan dereitos que podan resultar afectados pola decisión que se adopte. No presente caso, un predio catastrado a nome do reclamante figura incluído no proxecto que se someteu a aprobación do Pleno, do que resultan bens afectados cos números 8 e 8T polo que José López Abella ten lexitimidade para formular o presente recurso Competencia. Segundo o artigo 209.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán (.../...) exercer



as accións pertinentes ante a xurisdición competente. Por outra banda o artigo 210.a) do mencionado regulamento sinala que poñen fin á vía administrativa, entre outras, as resolucións do Pleno e o artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas manifesta que poñen fin á vía administrativa as resolucións de órganos administrativos cando o unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza e tamén cando carezan de superior xerárquico. O artigo 123 da citada Lei 39/2015 dispón que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase, polo que será o Pleno o órgano competente para a resolución do presente recurso.

Prazo para interpoñer o recurso. O artigo 124 da citada Lei 39/2015 establece que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso e o artigo 116 recolle expresamente como causa de non admisión a de ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso. No presente caso atopámonos ante un acto expreso que foi aprobado polo Pleno da Deputación o 24 de febreiro de 2023 e sometido a información pública mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023 por un prazo de dez días - que o recorrente considera que incumple a lexislación vixente e que cómpre examinar no seguinte parágrafo - e sobre o que formulou recurso o 8 de febreiro de 2024 polo que, con carácter previo, procedería a súa non admisión por extemporáneo.

Prazo para expoñer o proxecto. O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local recolle como competencia propia entre outras - a cooperación na planificación no territorio provincial. Para o desenvolvemento desta cooperación o artigo 32 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local establece que as Deputacións redactarán os plans provinciais e que se inserirán no Boletín Oficial da Provincia para que poidan formularse alegacións e reclamacións sobre estes durante un prazo de dez días.

No presente caso e tal e como xa se sinalou, o proxecto técnico DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase foi aprobado polo Pleno de 24 de febreiro de 2023 e sometido a información pública por un prazo de dez días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023 e do que non consta ningunha outra alegación o reclamación.

O recorrente manifesta que o prazo de exposición pública tiña que ser o de trinta días previsto no artigo 21 da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia, pero a propia lei no mesmo artigo restrinxe a aplicación deste precepto para os casos de construción de novas estradas non previstas no planeamento urbanístico municipal ou modificacións substanciais destas que afecten de maneira significativa ao instrumento de planificación urbanística, polo que non queda acreditada a necesidade da exposición pública polo prazo de trinta días solicitado.

As consecuencias da súa exposición. O proxecto número 2023.1110.0001.0 denominado DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS foi sometido a exposición pública mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023, para que tódalas persoas que así o manifestasen puidesen formular as

alegación que considerasen oportunas.

O anuncio publicado permite identificar con claridade a Administración actuante, o proxecto, o su orzamento e o lugar onde pode ser examinado, polo que contén os requisitos formais para acadar o seu fin. Ninguén formulou ningunha alegación en prazo, polo que non foi posible identificar ningún dereito que se vexa prexudicado polo desenvolvemento do proxecto.

As alegacións ao proxecto. Aínda que non é posible revisar as concretas alegacións ao proxecto formuladas por José López Abella por resultar extemporáneas, cómpre lembrar que a fundamentación da actuación desenvolvida é sempre o interese público, que prevalece sobre os dos particulares. A necesaria compensación dos dereitos das persoas afectadas polo proxecto non depende dun pretendido equilibrio de superficies e bens afectados entre todos eles e sí da xusta valoración de cada un dos bens e dereitos que resulten estritamente necesarios para a execución dun proxecto que ten utilidade pública nos termos a Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia.

Cabe concluír que a actuación desenvolvida é axustada a dereito, non produciu indefensión ningunha e non impediu ao acto acadar o seu fin, polo que non é posible admitir o recurso de reposición presentado fóra de prazo.

Do mesmo xeito, procede desestimar a solicitude de suspensión do acto impugnado polos feitos e fundamentos xurídicos expostos.

O presente acordo esgota a vía administrativa e, de conformidade co previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución do presente recurso poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de calquera outro recurso o reclamación que considere oportuno.

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa ao Canon da Auga.

Galicia conta cunha propia conca hidrográfica integramente incluída no seu territorio, coñecida como Galicia-Costa e a comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia exclusiva sobre a mesma.

A política de augas precisa infraestruturas eficaces para satisfacer as necesidades da cidadanía en materia de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, sendo necesario un esforzo continuado de deseño, construción e mantemento destas infraestruturas, co custo económico que supón.

Coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, deseñouse un sistema tributario ambiental de carácter impositivo mediante o cal, os beneficiarios dos servizos de abastecemento e depuración cooperen coa construción e mantemento destes.

Todos/as os veciños/as da nosa provincia que usen ou consuman auga están obrigados/as a contribuír impositivamente con este canon establecido.

Por tanto, é un imposto distinto - e compatible - aos impostos (canons) creados, como novos instrumentos de financiamento, na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

O canon da auga ten dous compoñentes: un fixo e outro variable.

1.-O compoñente fixo consiste nun importe mensual que deben pagar todas as vivendas indistintamente do volume de auga consumido.

2.-O compoñente variable é un sistema progresivo (cóbrase por tramos) que toma en consideración o volume consumido e o número de persoas que habitan a vivenda.

Este imposto denominado canon da auga creouse, a diferenza do anterior canon de saneamento, con independencia das accións concretas de depuración de augas residuais, para a recuperación de custos e con destino específico tendente ao sostemento de programas de gastos ineludibles e unha taxa específica do coeficiente de vertedura a sistemas de depuración para a prestación deste servizo por parte da Administración hidráulica de Galicia (desde o 31 de agosto de 2022 esta taxa foi substituída polo canon de xestión das depuradoras introducido pola Lei 1/2022, do 12 de xullo de mellora da xestión do ciclo integral da auga).

Segundo a Lei de augas de Galicia, a razón de ser entre o canon e a taxa do coeficiente de vertedura (agora denominada canon) é dobre: por unha banda, esa dualidade serve para recuperar os custos ambientais aos que se refire a Directiva Marco da auga e, por outro, para permitir a realización de principios como o de solidariedade intraterritorial e o de xustiza.

A Lei de augas prevé no seu artigo 44, que a súa recadación queda afectada ao desenvolvemento de programas de gasto que promovan:

- a) A prevención en orixe da contaminación e a recuperación e mantemento dos caudais ecolóxicos.
- b) A consecución dos obxectivos ambientais fixados pola lexislación e a planificación hidrolóxica de aplicación, e particularmente a dotación dos gastos de investimento, explotación e xestión das infraestruturas que se prevexan.
- c) O apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga.
- d) Calquera outros gastos que xere o cumprimento das funcións que se atribúen a Augas de Galicia.

Tal e como se recolle nos orzamentos da Xunta de Galicia, nos últimos catro anos ingresáronse 273.987.003 euros procedentes do Canon da auga, importe que tal e como figura na Lei de Augas de Galicia ,débase de repartir entre os Concellos de Galicia para recuperar os custos ambientais e para permitir a realización de principios como o de solidariedade intraterritorial e o de xustiza.

Estes ingresos obtidos pola entidade Augas de Galicia increméntanse no devandito período nuns 400.000.000 €, procedentes principalmente de Fondos Europeos, ata alcanzar os 659.661.875 euros.

A día de hoxe descoñecemos con que criterios se reparten estes fondos entre os concellos galegos, non coñecemos que cantidades do recadado polo canon se reinveste nos concellos, non coñecemos con que criterio se reparten os fondos europeos e tampouco coñecemos que cantidades complementa a Xunta de Galicia con fondos propios para financiar obras nos concellos da nosa provincia.

O que si coñecemos é que dos 152 convenios asinados por Augas de Galicia para levar a cabo a realización de obras no sentido que marca a Lei de augas durante o período comprendido entre os anos 2017 e 2022, 111 asináronse con concellos gobernados polo PP, 32 con concellos gobernados polo PSdeG-PSOE, 1 cun concello gobernado polo BNG e 8 con concellos doutros signos políticos. E falando destes convenios, tampouco existe un criterio homoxéneo relativo ás porcentaxes de cofinanciamento por parte dos concellos en cada un destes acordos.

Fronte a este criterio de reparto totalmente partidista vemos como o actual goberno da Deputación Provincial da Coruña creou no ano 2017 un Plan Único no que os fondos son distribuídos mediante criterios obxectivos en cada un dos concellos da provincia.

Ante esta falta de transparencia e a aparente arbitrariedade no reparto e no establecemento da porcentaxe de cofinanciamento dos convenios asinados por Augas de Galicia, vemos necesario que desde o devandito ente se explique con todo detalle cales son os criterios de reparto dos fondos obtidos polo canon da auga, dos Fondos Europeos e da achega autonómica entre os concellos da nosa provincia, polo que propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno da Deputación Provincial insta á Presidencia do ente público Augas de Galicia a manter un encontro coas voceiras e voceiros provinciais e cos alcaldes e alcaldesas da provincia da Coruña a fin de explicar con detalle o destino da recadación do Canon da Auga na provincia da Coruña e o criterio de reparto dos devanditos fondos.

SEGUNDO: Que se estableza un sistema de reinversión de todas as cantidades recadadas pola aplicación do Canon da auga en cada concello da provincia.

TERCEIRO: Que se negocie cos concellos da provincia o establecemento dun sistema obxectivo de reparto dos fondos procedentes da Unión Europea e dos fondos propios da Xunta de Galicia para o deseño, construción e mantemento das infraestruturas hidráulicas da nosa provincia.